CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2025/1
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, martes 14 de xaneiro de 2025 -

No día da data, ás 20:01 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GOMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA
LUCIA YESICA VECINO RODRIGUEZ

AUSENCIAS:
Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:
1. DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA .
2. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

3. APROBACIÓN DE ACTA/S ANTERIORES.
4. DELEGACIÓN EN DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA INSPECCIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS E DA TAXA URBANÍSTICA.
5. SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2025 PARA OS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025.
6. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO.

C) MOCIÓNS:

C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS:

7. MOCIÓN DO BNG DE BENEFICIO FISCAL DE VIVENDAS QUE REALICEN COMPOSTAXE DE MATERIA ORGÁNICA CON COMPOSTEIROS.
8. MOCIÓN DO BNG DE REXEITAMENTO AO NOVO PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA DE TOURO - O PINO.

C.2) MOCIÓNS URXENTES

D) CONTROL DE GOBERNO

9. ROGOS E PREGUNTAS.
10. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Boas noites a todos, sendo as oito e un minuto, iniciamos o Pleno ordinario do mes de xaneiro, ca seguinte orde do día."*

PROPOSTAS ORDINARIAS

A) DACIÓN EN CONTA

1. DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA .

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2025/G006/000016
ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións que van desde o número 568/2024 ao 677/2024 e do 1/2025 ao 12/2025, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da Alcaldía indicadas.

2. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Aquí quería facer chegar aos concelleiros unha serie de cousas.*

A primeira é que se recibiu unha circular da Deputación da Coruña, donde se nos comunica que somos un dos concellos que temos unha deuda coa Deputación adquirida ata o ano 2018 e que estamos empezando a devolvela, ao revés do que un portavoz dixo aquí neste Pleno. No ano pasado, xa se foi descontando do POS 18.939,62€ e este ano, do POS para o 2025, desconta a Deputación 56.799,44, dígoo para o coñecemento, como esto non é necesario que veña a Pleno na seguinte Pleno extraordinario que será o de POS, que sea para coñecemento de todos os veciños e que queda pendente a deuda coa Deputación da Coruña por 359.514,75€ que iremos devolvendo conforme a deputación o vaia esixindo e vaiamos podendo.

Outra cousa para dar en conta a este Pleno é que hoxe se asinou a acta de replanteo da obra fonte de Santa María, Aceso da fonte de Santa María ao Santiaguiño e outra, que se iniciará en breve, tamén se rematou, por fin, as luces, a mellora nas luces no campo de fútbol de Chenlo e tamén, como cousa bastante importante para este concello, sobre todo para os traballadores, por fin rematamos o proceso de estabilización do persoal do concello de Dodro, tamén se rematou a obra, Mellora enerxética da cuberta do polideportivo, que bueno, xa se puido disfrutar o día de Reis sen ningunha goteira, a pesar de tes chovida bastante. Sin nada máis que dicir neste punto, pasamos ao seguinte punto que é deliberación e acordo."

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

3. APROBACIÓN DE ACTA/S ANTERIORES.

<u>Acta do día 09 de maio de 2024</u>

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tráese ao Pleno a probación das actas do día 9 de maio e do día 13 de xullo. Vamos a votalas por separado e a discutilas por separado. Acta do nove de maio. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xente de Dodro."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nós non a recibimos hoxe ao mediodía."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Boas tardes, nada que dicir, tampouco."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Ola, boas noites, non, nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois vamos a pasar á votación."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do xoves 09 de maio de 2024 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Resultado: Maioría absoluta
Estado da Acta: Aprobada

Acta do día 11 de xullo de 2024

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A seguinte acta que é a do 13 de xullo do ano pasado , tamén. A mesmas ronda de intervencións. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Igualmente. Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"pois o mesmo que antes non a recibimos. "*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si, tampouco, nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Eu creo que en esa acta non, en ese Pleno, non estaba presente, era un pleno ordinario."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No Pleno de xullo non estabas, non. Pois pasamos á votación"*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do xoves 11 de xullo de 2024 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 7
0 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 3
1 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado da Acta: Aprobada

4. DELEGACIÓN EN DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA INSPECCIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS E DA TAXA URBANÍSTICA.

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE: 2024/X999/000132
ASUNTO: DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DA INSPECCIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS E DA TAXA URBANÍSTICA.
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

O artigo 2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, indica:
"1. Son funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales, cuya responsabilidad administrativa está reservada a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, las siguientes:
(...)
c) Secretaría-Intervención, a la que corresponden las funciones de la fe pública y el asesoramiento legal preceptivo y las funciones de control y fiscalización interna de la gestión económica-financiera y presupuestaria, y la contabilidad, tesorería y recaudación."

Con data 18/11/2021 emítese informe de Secretaría-intervención, reiterado en posteriores informes, no que se da conta da escaseza de medios persoais para a tramitación dos expedientes existentes no Concello de Dodro e a elevada carga de traballo existente na Secretaría-intervención municipal.

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Logo de ver que a Deputación da Coruña aprobou o 31 de maio de 2024 a modificación das bases para a prestación de servizos tributarios de maneira que establecen como contido e alcance da delegación (BOP núm. 172 do 6 de setembro de 2024):

"2ª) BASE TERCEIRA: Contido e alcance da delegación.
Engádese unha letra h) e un novo parágrafo a continuación, no punto 2. Contido opcional, co seguinte texto:
h) "Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, e a recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras.
A delegación das competencias de xestión, inspección e recadación de tributos levará así mesmo o exercicio da potestade sancionadora das infraccións que se puidesen derivar dos devanditos procedementos."

Ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.

Polo anterior, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción por unanimidade ou maioría absoluta, previa emisión de informe por Secretaría-intervención, dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a delegación a favor da Deputación provincial da Coruña, das seguintes competencias, nos termos indicados nas das Bases para a prestación de servizos tributarios da Deputación da Coruña:
a) Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
b) Inspección da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
c) Recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras. A delegación das competencias de xestión, inspección e recadación de tributos levará así mesmo o exercicio da potestade sancionadora das infraccións que se puidesen derivar dos devanditos procedementos.

SEGUNDO.- Publicar o acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abríndose un prazo de 30 días hábiles para o coñecemento dos interesados e para a presentación, no seu caso, de alegacións ao mesmo, tralo cal será preciso novo acordo adoptado polo Pleno do Concello de Dodro, resolvendo as alegacións recibidas ou elevando a definitivo o acordo provisional se non houbese ningunha.

TERCEIRO.- Notificar á Deputación da Coruña o acordo definitivo de la delegación, achegando certificación expedida pola Secretaría do Concello delegante.

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tráese a proposta ao Pleno, en función do acordo da Deputación da Coruña que o 31 de maio de 2024, aprobou a modificación das bases para a prestación de servizos tributarios e na bas terceira, en resumen di que a Deputación poderíase facer cargo da inspección do imposto sobres a construcións, instalacións e obras e da taxa por licenza de obras urbanística e pola realización das actividades administrativas do control, nos supostos en que a esixencia de licencia fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, quer dicir esto que a Deputación vaise facer, ou propón, que se vai facer cargo da inspección, da execución deste imposto, a nós parécenos que é un tema importante e que ademais descargaría un pouco de traballo ao persoal do concello e por eso traemos á aprobación aquí, aos membros do Pleno. Vou darlle un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Xa quedou ben explicado polo alcalde, simplemente indicar de que podemos ser un dos primeiros, ou o primeiro concello, de que se vai adherir a este concello e nada máis. Votaremos a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Portavoz da agrupación política Unidade Veciñal, Perdón, Xente de Dodro, desculpa."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nós consideramos que esto, agora mesmo, tampouco é tan necesario, nin pola cantidade, nin pola transcendencia que ten o tema do ICIO aquí, non noso Concello. Non sei que traballo se vai a aforrar porque, que eu sepa, nunca se revisaba o ICIO, creo que hai cousas bastante máis importante que revisaran e quero anotar aquí que si, que o goberno tivo a ben, pedir na Deputación informe urbanístico sobre unha piscina, cando despois de estar aprobada ou concedida, por parte de urbanismo, en cambio, non se piden informes para obras ilegais, como o auditorio da Paxareira, ou como os recheos que se fixeron nos montes e agora que veñan vostedes aquí a solicitar esto, que se inspeccione aos veciños, pois creo que realmente, o que terían que pedir era que se inspeccionara a súa labor de goberno."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"A nós, gustaríanos saber exactamente se pode ser, a secretaria, ou alguén, si nos pode dicir que traballo realmente poden aforrar administrativamente ao concello se*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

aprobamos esta delegación da Deputación da Coruña, que é exactamente, osea, vaiase cobrar o ICIO?, vámolo seguir cobrando coma sempre?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Non sei que actividades nos imos aforrar aquí?"*

Intervén a secretaria que subscribe para explicar que o ICIO seguirase a cobrar en réxime de autoliquidación; que Deputación o que vai facer é revisar ou inspeccionar os expedientes e comprobar se a autoliquidación do ICIO está ou non correcta de xeito que se o resultado é que a autoliquidación non é correcta, practicarán eles unha liquidación definitiva, que despois ingresa o veciño ao concello e no caso de que eso leve aparellado a tramitación dun procedemento sancionador, e en consecuencia unha multa, corresponderíalle ao concello o 50 % do recadado en concepto de multa e co outro 50%, quedaríase a Deputación.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Non estamos en contra disto, pero desde logo, si que se ve que se a administración local, en este caso, Dodro, tivera máis persoal, como se desprende do informe da Secretaría, pois ao mellor, non tiñamos que derivar esta función, eu penso que en ese sentido, si que é unha mágoa que se perda, ao mellor, a posibilidade de xestionalo dende Dodro, pero coma non pode ser, pois nós vamos a estar a favor desta decisión."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, pasamos á votación desta proposta."*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

5. SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2025 PARA OS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPEDIENTE: 2024/A008/000044
ASUNTO: SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2025 PARA OS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025
TRAMITE: PROPOSTA ACORDO – PLENO

Solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 1/2025" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Logo de ver que o Pleno da Deputación da Coruña en data 29 de novembro de 2024 acordou a aprobación das BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025" - BASE 12. - POS+ADICIONAL 1/2025 GASTO SOCIAL EXTRAORDINARIO (BOP da Coruña núm. 233 do martes 3 de decembro de 2024).

Logo de ver a ASIGNACIÓN FONDOS A CONCELLOS POS+AD 1/2025 ACHEGA 2025 EXTRAORDINARIA GASTOS SOCIAIS pola que lle corresponderían ao Concello de Dodro 33.133,01€.

Logo de ver o informe de Servizos Sociais así como o informe de Secretaría-Intervención, sendo do interese do Concello participar na citada convocatoria, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 1/2025"** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais**

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Secretaría-Intervención do Concello, segundo se indica a continuación:

-Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2025:
33.133,01€.
-Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios:
33.133,01€.

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta Deputación)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(C=A-B)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.			0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social ás unidades de			0,00 €

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.			
c. Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia, incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.	33.133,01€		33.133,01 €
d. Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade libre concorrencia.			0,00 €
e. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico de servizos específicos: servizo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de Lavandaría.			0,00 €
f. Creación ou ampliación do servizo de axuda no			0,00 €

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

fogar de servizos e atencións de carácter complementario			
g. Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais			0,00 €
h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €
TOTAL GASTOS CORRENTES Estes importes totais deben reflectirse no acordo plenario (ANEXO XV)	**33.133,01€**	**0,00 €**	33.133,01 €

Segundo.- Facultar expresamente a esta Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Terceiro.- Dar traslado á Deputación Provincial da Coruña.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tráese a Pleno unha proposta, pola que a Deputación, asigna a Dodro, como no POS adicional para este ano que ven, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios a cantidade de 33.133,01, a proposta do grupo de goberno é destinar a totalidade dos cartos para a explotación das partidas municipais destinadas a cubrir parte da achega*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

municipal, do servizo de axuda no fogar e ca atención ao carácter básico da modalidade de dependencia, porque entendemos que é unha cantidade relativamente limitada, nos gustaría que efectivamente nos concederan máis, pero bueno, é o que conceden en función das cousas e vai todo destinado ao servizo de axuda no fogar. Vou dar unha ronda aos portavoces. Portavoz do Partido Socialista."

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Como ben ti explicastes, o 100%, vai para a dependencia da axuda concedida pola Deputación de 33.133,01."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Ben, o que ten demostrado este goberno ata o día de hoxe, é a súa absoluta inoperancia na xestión dos servizos sociais do nos Concello, deixando sen atender a moitísimos veciños, usuarios do servizo de dependencia, sea o básico sea o de dependencia. Nós, pola nosa parte en este punto ímonos a abster, xa digo, vista a traxectoria absolutamente incompetente na labor de xestión sos servizos sociais deste concello e que están a sufrir os nosos veciños, como nunca pasou non noso Concello."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Debemos recordar que a axuda no fogar de dependencia, depende precisamente da Xunta de Galicia, e non do concello, directamente e nós estamos de acordo con que esta partida sexa destinada para cubrir a achega de horas para a axuda no fogar de dependencia, non o SAF básico de axuda no fogar a domicilio, que creo que o portavoz de Xente de Dodro, se confundeu aí un pouco. Os dependentes, son un colectivo dos máis vulnerables , tanto no noso concello como no resto e necesitan toda a nosa atención e tamén o servizo parécenos totalmente adecuado utilizar o POS adicional para esto, ademais, como xa fixeron outros moitos concellos gobernados polo PSOE, BNG, etcétera, etcétera,Imos votar a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Pois nada, non moito máis que dicir. Estamos de acordo en que se destine aos gastos de dependencia do SAF. Imos votar a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"No mesmo sentido que se acaba de explicar, nós estamos a favor que se destine a*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

esta parte de servizos sociais. É unha mágoa que non sexa máis cantidade pero bueno, é unha cantidade que se vén dando desde hai uns cuantos anos. Esperemos que non desapareza porque debido á situación que está a padecer todo Galicia co retraso da atención da xente maior, por parte de servizos sociais, benvidas sexan estas axudas que veñen da deputación da Coruña. Polo tanto o BNG de Dodro, vai votar a favor"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Pasmos á votación da proposta."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

6. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2025/G006/000013.

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

(EXPEDIENTE INICIAL 2024/X999/000064)
ASUNTO: REGULAMENTO INTERNO DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO.
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA
AVV

Considerando que na xuntanza de constitución da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional fronte á Violencia de Xénero, celebrada o pasado día 13 de novembro de 2024, se elaborou o documento de Regulamento Interno da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional fronte á Violencia de Xénero do Concello de Dodro,que a continuación se transcribe:

"Regulamento Interno da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero do Concello de Dodro

1. DENOMINACIÓN

Coa denominación **Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero do Concello de Dodro**, constitúese esta iniciativa de loita contra a violencia de xénero do Concello de Dodro.

2. OBXECTIVOS

A Mesa constitúese como ferramenta de coordinación municipal entre os diferentes axentes e coa finalidade de realizar accións destinadas a:

1. Formación
2. Información
3. Sensibilización
4. Elaboración e difusión de materiais
5. Coordinación para a intervención

3. FUNCIONAMENTO E PRAZOS

Cada unha das persoas ou entidades integrantes da Mesa nomeará unha persoa titular e outra suplente. Estas poderán ser substituídas en calquera momento mediante un escrito dirixido á secretaría da Mesa.

No caso de que, puntualmente, sexa preciso que acuda outra persoa, comunicaráselle previamente por escrito á secretaría da Mesa.
Unha persoa non poderá ostentar o voto de dúas entidades ao mesmo tempo.

As propostas de accións determinaranse nas xuntanzas da Mesa local por maioría simple dos e das presentes.
Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas asistentes cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco, nin as abstencións. En caso de empate, o voto do/a Presidente/a será de calidade.

A Mesa local centrará as súas actividades no ámbito formativo, informativo e sensibilizador, sen excluír a posibilidade de crear mecanismos ou redes de

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

intervención coordinada no contorno.

Unha vez aprobada unha acción, constituirase unha comisión de traballo para desenvolvela no prazo correspondente.
As convocatorias das reunións ordinarias realizaranse cun prazo mínimo de dúas semanas.

As convocatorias extraordinarias realizaranse baixo petición xustificada de 1/4 das entidades participantes na mesa nun prazo máximo de 21 días.

Para que os acordos sexan válidos deben ser adoptados pola maioría simple dos votos das persoas asistentes, sendo necesaria a concorrencia da metade máis un dos seus membros e da presidencia da mesa ou a persoa na que delegue.

A Mesa constitúese por tempo indefinido.

4. COMPOSICIÓN
4.1.MESA XERAL

A composición da MLC é aberta a todos os axentes de Dodro que estean relacionados, directa ou indirectamente, coa violencia de xénero.

Presidencia:

6. O/A alcalde/alcadesa-presidente/a do Concello de Dodro ou concelleiro ou concelleira en quen delegue.

Vogalías:

7. Concelleiros/concelleiras con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero.
8. Concelleiros/concelleiras con competencias no ámbito da cultura e do deporte.
9. Representante de cada unha das organizacións políticas con presenza na corporación local.
10. Representante do Centro de Información ás Mulleres (CIM).
11. Persoa técnica da concellaría competente na materia.
12. Persoal técnico de cultura e deportes.
13. Representante de Emerxencias
14. Representante do ámbito xudicial competente.
15. Representante de cada un dos centros educativos (CPI, Escola Infantil, C.R.A.)
16. Representante dos servizos sanitarios.
17. Representante de organismos ou entidades, públicas ou privadas, de carácter asistencial.
18. Representantes das asociacións de mulleres, de nais e pais, culturais, deportivas e de veciños/as do concello de Dodro.
19. Representantes de empresas e persoas autónomas cuxa actividade teña a sede social ou a súa actividade localizada no concello de Dodro.

Secretaría (con voz pero sen voto):

20. Representante dos servizos sociais municipais.

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Invitados especiais (participan con voz pero sen voto):

21. Representante da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero
22. Representante da Subdelegación do Goberno.
23. Representante da Garda Civil-Viogen.

4.2. FUNCIÓNS DA PRESIDENCIA

1. Representar a mesa ante calquera organismo ou entidade externa, pública ou privada.
2. Convocar e presidir as sesións da mesa.
3. Dirixir as deliberacións.
4. Realizar o seguimento da execución dos acordos adoptados.
5. Poderá delegar mediante escrito, as súas funcións total ou parcialmente no persoal técnico ou de servizos sociais.

4.3.FUNCIÓNS DA SECRETARÍA

6. Levantar, custodiar e difundir as actas das sesións
7. Computar o resultado das votacións.
8. Redactar e difundir as convocatorias das sesións

4.4.DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS ASISTENTES

9. Participar con voz e voto.
10. Realizar propostas para ser sometidas a votación.
11. Participar nos comisións de traballo que desenvolvan as propostas acordadas.

5. CALENDARIO

A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirase de xeito ordinario, polo menos, semestralmente.
A Mesa xestionará o calendario anual de xuntanzas ordinarias tendo en conta a limitación sinalada nos parágrafos anteriores.
A Mesa poderá reunirse de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

6. BAIXAS E DISOLUCIÓN

Os membros poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Presidencia da Mesa.
Tamén se poderá causar baixa por expiración do mandato. Neste caso, continuarán ostentando os cargos ata o momento no que se produza a aceptacións de quen os substitúan.
A Mesa disolverase voluntariamente cando así se acorde por maioría simple das persoas asistentes.

7. DISPOSICIÓN FINAL.

O regulamento entrará en vigor unha vez sexa aprobado definitivamente polo pleno municipal. E en todo o non establecido neste regulamento estarase ao recollido na Sección 3ª do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público”.

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Como consecuencia do exposto con anterioridade.

A Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno do Concello de Dodro a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o Regulamento Interno da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional fronte á Violencia de Xénero do Concello de Dodro.

Segundo.- Darlle traslado ao Departamento de Servizos Sociais para o seu cumprimento e para facer chegar o documento a todos os membros da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional fronte á Violencia de Xénero do Concello de Dodro.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe

En Dodro, documento asinado electronicamente
O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No concello de Doro, o 13 de novembro creouse a Mesa Local de Coordinación fronte a Violencia de Xénero e un dos acordos é traer a este Pleno, un regulamento. O regulamento está, ou estuvo a disposición de todos os concelleiros, vou dar un turno a cada un para non lelo todo, si hai algo que ..., bueno, está elaborado polo técnico responsable de Servizos Sociais, pero en todo caso, portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada, aquí agora tócalle ao Pleno resolver esto."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do grupo política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pois nós, considerando a importancia que ten ese tema, consideramos máis axeitado que se cambie a convocatoria á periodicidade trimestral ou cuadrimestral."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, nós formamos parte da Mesa, igual que a gran maioría dos concelleiros presentes neste Pleno, cremos que é un tema importante e hai que tirar para diante, hai que aprobalo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Efectivamente, nós tamén estamos de acordo en que hai que facelo e si que o vamos a aprobar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

"Debía de estar xa montada antes como xa ten dito aquí o BNG. De tódolos xeitos, si que vamos a apoiala. E o máis importante é que canto menos traballo teña a Mesa significará para Dodro que moito mellor nos irá."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Como parece que vai saír a proposta, tal e como está redactada, pasamos á votación se vos parece."*

Procédese á votación

Votacións
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

C) MOCIÓNS:

C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS:

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Empezamos co punto seguinte que so as mocións. O punto número 7 é unha moción que presenta o BNG, chamada beneficio fiscal de vivendas que realicen compostaxe de materia orgánica con composteiros, portavoz do BNG, se quer vostede."*

7. MOCIÓN DO BNG DE BENEFICIO FISCAL DE VIVENDAS QUE REALICEN

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

COMPOSTAXE DE MATERIA ORGÁNICA CON COMPOSTEIROS.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Moción para beneficio fiscal de vivendas que realicen compostaxe de materia orgánica con composteiros

Exposición de motivos

O BNG de Dodro presentou sempre iniciativas conducentes á sostibilidade de cara a preservar o futuro mellorando a calidade dos recursos e dos equilibrios naturais.

Apostamos por modelos de reciclaxe minimizando o impacto que xeran os actuais tratamentos de residuos como defendemos hai pouco neste pleno, fronte a aposta do PP da Xunta, que obriga aos concellos a pagar máis co taxazo unilateral para un modelo de tratamento de residuos obsoleto. Un modelo centralizado e antiecolóxico, que sitúa a Galiza á cola en reciclaxe, cunha taxa do 21% en 2020 moi lonxe aínda do 50% establecido por Europa no mesmo ano. Somos ademais a 2ª peor comunidade do Estado en reciclaxe, fracasando o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, no que se establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas. A cifra oficial de 2022: só 3.000 Tm.

A posibilidade de composteiros comunais ou por vivendas, é unha aposta distinta para os residuos orgánicos á actual recollida do lixo de Dodro. A boa acollida de charlas e reparto de composteiros para as casas no pasado mandato e neste, indica a preocupación e sensibilidade da nosa poboación pola recollida selectiva. Recordamos que unha casa ronda a media tonelada de residuos por ano, máis con esta aposta esa materia orgánica non irá ao camión do lixo, supoñendo un aforro importante para o Concello.

Ante estas iniciativas de melloras para Dodro que repercuten nas arcas municipais o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Instar ao actual goberno a continuar con campañas de concienciación da recollida selectiva de residuos.
2.- Instar ao goberno local a un control sobre o bo uso dos composteiros.
3.- Instar ao actual goberno a estudar as bonificacións -como se desenvolve noutros concellos como o de Santiago de Compostela- para aquelas casas onde se estean usando ben os composteiros.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista de*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Galicia."

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Vamos a ver, estamos de acordo coas campañas de concienciación, o que non sabemos ben é como podemos facer ese control, de momento faise o que se pode, canos teñamos máis medios ou máis recursos, poderemos facer. Fala aquí vostede dse Santiago de Compostela, en Santiago de Compostela, utilizan unha tarxeta para depositar neses contenedores colectivos, o seu lixo correspondente, en Dodro, os recursos que ten o concello de Dodro, creo que non da n para eso, de momento repartíronse uns composteiros domésticos, por dúas veces, aínda acaban recentemente, se acaban de repartir 30 e outros, bueno, levar o control dese trinta, logo os demais, non o podían levar?, Por eso, eu son un pouco escéptico, a ver como se fai ese control."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pois efectivamente, tal como di o voceiro do Partido socialista, sde que non hai persoal para mirar, pero é que nin para eso , nin sequera persoal para ir mirar que é o que pasa co auditorio da Paxareira, nin co de Bexo, nin co recheo de Reboiras, é que non hai persoal, señor Bautista. Pero é que vimos agora mesmo de aprobar a delegación da inspección do ICIO porque non hai persoal, e vostede quere que vaiamos casa por casa a revisar os composteiros, mire o fácil que é ir a medir a altura do recheo de Reboiras e non hai persoal, hai persoal para quitar fotos dos vaos que están caendo e tal, pero non hai persoal para mirar eso. Mire, non hai persoal para mirar polas aldeas, non hai persoal para mirar polo alumeado, non hai persoal para mirar pola xente, polas persoas e vostede quere agora, que aquí vaiamos mirar á casa de cada un, como está traballando ou como está usando os composteiros. Mire, os composteiros xa se usaron na aldea dende hai moito tempo, desde fai moito tempo, esto, nin son os cantóns da Coruña, nin é a praza de Galicia, aquí a xente sabe perfectamente que é o te ten que facer cos residuos orgánicos, sabe o que ten que facer e onde o ten que facer. Esto, pois creo sinceramente, que non é unha moción para presentar aquí no concello de Dodro, nin polo momento, nin polo persoal, nin polos medios nin pola necesidade."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Señor Mariño, esto non é unha iniciativa nova, faina na moción un relatorio, para non dicir practicamente nada, salvo mencionar á Xunta de Galicia e ao Partido Popular, eso suele facelo ben, parece que soña vostede con nós. Pide que se continúe a facer campañas de concienciación, cando eso xa se veñen facendo dende fai moitos anos, e vostede formou 4 anos no goberno, e tamén o fixeron. Pide que se faga un control sobre o bo uso dos composteiros. Señor Mariño, suponse que quen ten un composteiro, o usa ben, os veciños e veciñas de Dodro non son uns vándalos aos que haxa que andar a vixiar ou a berrarlles, si fan ben as cousas ou*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

as fan mal. A verdade é que é algo que vostede pretende e nós sabemos que os veciños de Dodro saben ben o que fan. Por último, no punto tres pide vostede, estudar para dar unha bonificación a que usa ben os composteiros. Home, o portavoz do PSOE non sabe como se poderá facer, o portavoz de Xente de Dodro, di que non ten personal e que tampouco sabe coma se pode facer. Home, mire, primeiro haberá que crear un corpo de detectives que a lei lle permita entrar nas casas , porque eso sabe que o ten que ditar un juez, unha vez que se cree todo esto, entrarán nas casa, comprobarán si se están usando be e despois, dámoslle a bonificación. Home, un sei sentido. Terminamos a intervención, cunha frase que a vostede lle gustaba moito utilizar cando gobernaba, dicía vostede: traia propostas, pois dicímoslle o mesmo. Señor Mariño, traia propostas e non fume. Nada máis que dicir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Dende Unidade Veciñal, estamos de acordo na exposición de motivos, totalmente de acordo, o que non, xa, no punto tres, nos parece, xa non que falten recursos para lear a cabo a vixilancia que se estea usando ben os composteiros, porque tamén pode pasar outra cousa, hai xente que non está levando absolutamente ningún tipo de material orgánico ao composteiro porque xa ten na casa, hai xente que llo vota ás galiñas, hai xente que ten vacas, ..., xa o está usando esa xente, entonces, non se bonifica a esa xente que non está usando composteiros e está reciclando ou usando outro tipo de compostaxe na súa casa?, é moi complicado, a parte, todo o que dixeron aquí, non é solo polos recursos, é que habería problemas, co punto tres, habería problemas legais, habería tamén falta de recursos, non vexo eu aquí ao persoal do concello revisando os compo9steiros nas casa, non os vexo, porque non o hai, nin o que hai, que estea disposto a todo eso. Nós votaríamos a favor, sempre e cando se retirara o punto tres do acordo, se retirara da moción, pois votaríamos a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu antes de pasar á votación, tamén quería facer, efectivamente, un pouco fincapé no tema dos acordos, estando, evidentemente, en xeral, co tema da campaña de compostaxe, da campaña de concienciación de recollida selectiva, que de feito o facemos periodicamente, coma moi ben di no texto da moción, cando este goberno era tripartito, o que si, coñecemos as bonificacións, eu está intentando implantar a cidade de Santiago, que se rexistra cando un veciño aporta compós ao contenedor marrón, pero esto, agora mesmo en Dodro é imposible, porque, nin en Dodro non en outros concellos, entendemos, que é un concello rural e que sería imposible bonificar á xente que composta ou que aproveita parte da súa basura na súa casa. Entón, nós estaríamos, absolutamente de acordo, en aprobar a moción, incluso nos valería o punto tres, porque dice, instar ao goberno a estudar as bonificacións, bueno, pois, estudariámolas, pero sen moito resultado, a verdade é que agradeceríamos que retirara o punto tres, pois a nós, tamén nos parecería máis convinte, pero bueno, en todo caso é o seu turno."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Eu*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

creo que ninguén entende de que estamos a falar porque a propia empresa SOGAMA foi a que repartiu os primeiros contedores e é a que está vixiando e comprobando que os contedores municipais ou composteiros, ou persoais ou individuais,ou por casas, fan ese control en outros concellos . É a propia SOGAMA quen controla. Non se fala na moción en ningún momento de persoal municipal, simplemente se fala de que se comprobe o composteiro. Porque no composteiro, se a portavoz do PP chegara a ler un pouquiño máis, daríase de conta de que no composteiro non pode ir calquera cousa. Claro que a xente de Dodro sabe o que bota no composteiro pero para ter unha bonificación hai que realizar ben o que é, que envorquen alí o que hai que envorcar. Por exemplo, hai unha serie de residuos que non se poden, se viñera ás charlas ao mellor decataríase. Entón, do que se está a falar non é nin máis nin menos de estudar, que aquela xente, debemos de andar agora mesmo – eu teño un composteiro desde hai anos- debemos de andar en 50 persoas, en 50 casas que temos composteiro. Estamos falando, pois aproximadamente, dun aforro por familia ao ano duns 50 €. E non se fala, insisto de que sexa persoal do concello quen o mire, igual que noutros concellos é SOGAMA quen aporta eses contedores municipais, ou persoais, ou individuais, e quen fai un seguimento, logo despois viría o trámite. O trámite tampouco se di aquí que ten que ser para mañá nin para o ano, simplemente que pensamos desde o BNG de Dodro que é un paso máis na recollida selectiva, un paso máis no aforro que as familias agradecerían. Porque as familias son conscientes de que é unha boa opción. ”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Moitas gracias. Entendo que debemos de votar a moción, no seu conxunto, non?*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 6
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

8. MOCIÓN DO BNG DE REXEITAMENTO AO NOVO PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA DE TOURO - O PINO.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

Moción de rexeitamento ao "NOVO" proxecto de reapertura da explotación mineira Touro –O Pino

Exposición de motivos

O pasado 22 de novembro saíu novamente a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. Examinados os documentos presentados pola empresa peticionaria, proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental, conclúese que o proxecto mineiro é esencialmente o mesmo que o presentado en agosto de 2017.

A extensión afectada é de 812,21 Has, incluso superior ás 689 has do ano 2017 debido a que inclúe o antigo depósito de estériles. A forma de extracción é idéntica, con minería a ceo aberto, co mesmo método de separación do cobre, nas mesmas cortas que no proxecto do 2017, mesma cantidade de material a remover, 267 millóns de toneladas, e mineral de cobre a extraer, 102,7 Mt durante os mesmos anos (14 anos) co mesmo ritmo de produción e as mesmas toneladas de Cobre, 420.924 t de metal. Tampouco cambia a cantidade e xestión de refugallos xerados. Construción do depósito de estériles de Arinteiro (mesma construción, tamaño e cantidade de estériles) e do recheo das cortas de Arinteiro e Vieiro, así como as entulleiras de material PAG e NAG (Non xeradora ou posiblemente xeradora de ácido). É decir, todas as afeccións denunciadas no seu momento cando se presentou o anterior proxecto mantéñense neste. Impactos ambientais que fan imposible a compatibilización da actividade co mínimo respecto medioambiental:

- Eliminación de mananciais de captación de auga para consumo doméstico,
- Afectación ás augas subterráneas e superficiais aos ríos e ao propio Ulla,
- Construción dun enorme depósito de residuos altamente contaminante fronte ao núcleo de Arinteiro,
- Impacto paisaxístico con entulleiras a unha altitude moi superior á actual do terreo, etc.
- Impactos económicos.

Unha actividade mineira desta envergadura elimina explotacións gandeiras ao desaparecerlle a sua base territorial, reduce a produción hortícola e frutícola, é un freo a moitos proxectos de investimento que se están levando a cabo no sector agro gandeiro e é unha hipoteca para calquera desenvolvemento das actividades

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de transformación relacionadas con este sector. A minería prevista non vai crear ningún tecido produtivo na zona, tan só unha pequena xeración de postos de traballo temporais e de baixa cualificación que en absoluto compensan, nin de lonxe, todo o dano que, ese si, será para sempre. É un tipo de minería propia do século XIX consistente en extraer un recurso e exportalo de forma bruta sen ningunha transformación que xere maior valor engadido na comarca.

En definitiva, estamos ante exactamente o mesmo proxecto que o anterior, soamente cuns retoques "cosméticos" como un parque solar fotovoltaico, que en nada cambian o modelo de minería. O proxecto do ano 2017 xa foi obxecto de estudo de impacto ambiental e rexeitado por ter unha declaración de impacto ambiental negativa en febreiro de 2020, debido a afección que causaría esta actividade mineira sobre os cursos fluviais e as augas subterráneas, así como a inexistencia de medidas que garantan que, en determinadas situacións de risco, non se producira unha afección aos valores naturais na Zona de Especial Conservación, Sistema Fluvial Ulla-Deza. Todas estas afeccións mantéñense exactamente igual no presente proxecto polo que consideramos unha fraude volver a tramitar un proxecto que é idéntico ao que tivo un ditamen desfavorable e xa foi denegado por resolución da Consellería de Economía, Empresa e Innovación de 24/ 02/2024 por ter un informe negativo. Así tamén coma a inmensa maioría dos concellos bañados polos Ulla, Deza e a Ría de Arousa se posicionaron en contra do anterior proxecto -Dodro fíxoo desde o Pleno do 12 decembro de 2019.

Por todo o exposto solicítase ao pleno da corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O pleno do concello de Dodro manifesta a súa oposición ao proxecto de apertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. tanto polas súas graves afeccións ambientais como pola afectación da auga do río Ulla que abastece a concellos coma o noso.

2. O concello estudará solicitar, ao órgano ambiental a inadmisión da solicitude do promotor en base ao que se recolle no art. 39 da Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental que di, no seu punto 4, o seguinte: No prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunha das seguintes razóns: c) Se xa inadmitise ou xa ditase unha declaración de impacto ambiental desfavorable nun proxecto substantivamente análogo ao presentado.

3. Sen prexuízo de todo a anterior, o concello de Dodro estudará presentar alegacións ao actual proxecto solicitando a súa denegación e personándose como parte interesada e prexudicada por este proxecto.

Procede á lectura da moción o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, Xoán

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Bautista Mariño Abuín

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Con respecto ao punto 2, estariamos de acordo se mudasen o de solicitar por estudará se é posible, e no punto 3 igual, onde di: presentará alegacións, estudará a presentación de alegacións, mudando esas palabras, estariamos de acordo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"A verdade é que escoitando ao voceiro do BNG, por momentos, pensei que estaba falando de Dodro, fala vostede de eliminación de mananciais de captación de augas para o consumo doméstico, afectación das augas soterráneas, como me sona esto a Bexo. Construcción du enorme depósito de residuos altamente contaminante fronte o núcleo de Bexo, perdón, Arinteiro, como me sona esto. Impacto paisaxístico con entulleiras a unha altitude moi superior a do terreo, tal cual, tal cual o recheo de Bexo. Sorprende que o voceiro do BNG, natural da aldea de Bexo, teña tanta información sobre a explotación mineira de Touro, opino que en todo este tempo, non fixeron nin a máis mínima mención, bueno, fíxoo, preguntou unha vez sobre o recheo de Bexo, que agora, vamos a decir as cousa claras eh, non é este voceiro quen apunta, agora xa é o arquitecto municipal e a funcionaria, quen apunta que pode ser constitutivo de un delito contra o maio ambiente, porque vostede lería ese informe, verdade? Vostede leu ese informe, claro que si, como lemos todos, xa non son eu o que o di, xa son os técnicos municipais contratados e traídos aquí, polo señor alcalde de Dodro, xa non so eu. Resulta, cando menos, dunha hipocresía extraordinaria, vir a qui a esta mesa do Pleno, a falar o que teñen que facer no concello de Touro e do Pino, cando vostede o ten tan preto. Vostede cala, cala como unha porta ante o que ten diante dos seu ollos e pretende vostede arreglar o dos demais. Mire, señor Abuín, teno moi fácil, ten que facer ó que se obriga un como concelleiro, defender os intereses dos veciños do concello de Dodro e denunciar ese recheo, porque exactamente, coincide exactamente co que vostede acaba aquí de denunciar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Señor Mariño, di vostede na súa moción, que o proxecto mineiro é esencialmente o mesmo que o presentado en agosto do 20217. Mire o novo proxecto, aborda todas as cuestións que se expuxeron no anterior proceso, efectivamente, dando solución a aquelas que crearían algunhas dúbidas na primeira declaración de impacto ambiental. De feito, pódese destacar a mellora na xestión da agua de proceso como consecuencia de non interromper a análise das masas de aguas, tralo*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

rexeitamento do anterior proxecto, que se manterá en circuíto pechado, ou o espesado de estériles para xestionar as áreas da planta de maneira aínda máis segura, nun almacenamento no que se retira a auga desviándoa a un depósito impermeabilizado e despexando así calquera preocupación polo suposto risco que vostede plantea nesta moción.

A diferencia do proxecto do 2017, o Proxecto Cobre San Rafael, inclúe no seu ámbito de aplicación, na súa extensión xeográfica, a totalidade das superficies afectadas pola actividade mineira desenvolvida na concesión de explotación, isto supón a adopción neste proxecto dun planteamento de actuación completo na dimensión ambiental, polo tanto a área de afección é superior para incluír completas medidas de remediación de pasivos ambientais antigos.

O novo proxecto inclúe tamén, contrariamente ao proxecto de 2017, que non o incluía, dúas liñas de alta tensión e unha liña de subministración para operacións dende a subestación de Portodemouros e outra liña dende a base inicial das obras, corrixe tamén, este novo proxecto a implantación de algunhas infraestruturas para mellorar a protección do patrimonio arqueolóxico. No relativo ao depósito de estériles da planta o novo proxecto contempla unha etapa previa de redución do contido en auga dos estériles de planta. O proxecto de 2017 contemplaba o manexo de mesturas cun 36% de sólidos e o proxecto actual reduce aproximadamente a metade do contido de auga, alcanzando o valor de deseño do 60-65% ,en peso, mediante o emprego dun espesador á saída da flotación. Isto tradúcese nun considerable menor consumo enerxético para a súa xestión, nunha maior facilidade e rapidez para a separación das fases líquida e sólida e, o máis importante, nunha mellora sensible da estabilidade xeotécnica do depósito de estériles de planta. Pero tamén reduce considerablemente a capacidade fluente do contido do DEP, e polo tanto reduce considerablemente a posible afectación superficial en calquera escenario de accidente. Redución drástica do volume de auga a manexar sobre un 50%. Outra novidade do proxecto é dispor dunha infraestrutura para a retirada rápida da auga sobrenadante. Se o emprego do espesador reduce a aportación de auga nun 50%, esta medida supón outra rápida diminución do contido en auga, reducindo novamente, pero con máis intensidade aínda, tanto o risco de rotura como calquera efecto posterior asociado á súa fluencia. Xa lle avanzamos que nós imos votar en contra."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Si, bueno, escoitando á portavoz do PP, xa non sabemos si é portavoz do PP ou portavoz Cobre San Rafael, parece que se dedica máis a defender a cobre San Rafael que a defender a postura do partido Popular, nós estamos totalmente de acordo ca exposición de motivos e cos acordos, e imos a votar a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois antes de cederlle o turno ao portavoz do BNG, para que remate na súa defensa. Nós decir, efectivamente estamos na mesma postura que estabamos no ano 2019, que se resume no punto 1 do acordo da moción, pero as aportacións que fixo o portavoz do Partido Socialista, basicamente, entendemos que son temas formales, que son*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

instar ao concello a que solicite a inadmisión e tamén que estudiaremos a presentación de alegacións, porque encargaremos un estudio técnico para presentar estas alegacións, visto o coñecemento que efectivamente, demostrou a portavoz do Partido Popular, cousa que eu non, baixo ningún concepto son capaz de chegar, e moito menos agora, simplemente é un tema de redacción, se vostede non ten ningún problema, a nós gustaríanos poder aprobar a moción con estas pequenas añadiduras, vamos."

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Vou facer un resumo de todo o que se expuxo aquí diante desta moción. Primeiro, vamos a ver, ninguén foi a Touro a ver o que é aquela mina. Ninguén foi alá, invitaría á xente que foi tan dilixente en defender, non se sabe moi ben que intereses, que mirase por onde están as balsas que verten no rio Deza e logo despois veñen ao Ulla que é onde bebe a xente de Dodro. Politicamente os concellos bañados polos ríos Deza e Ulla, de calquera cor votaron, na anterior vez, que creo que era no 2017, en contra do proxecto. Falamos que o proxecto é practicamente o mesmo, non o digo eu, dino os técnicos; esta moción vén sendo un resumo dun informe técnico. Señora Boga, e segue sendo a minería do século XIX. Está clarísimo que o Partido Popular, aposta por outro tipo de proxectos, por exemplo o proxecto de Cobres San Rafael, o proxecto de ALTRI eso xa o temos todos claro. Pero os que vivimos aquí, queremos vivir aquí, e queremos deixar un futuro, queremos beber das nosas augas e incluso da do río Ulla. Pero a auga do río Ulla non nace aquí, é unha desgraza pero non nace aquí. E a auga que subministra non solamente para nós , se non, tamén para grandes empresas e concellos que chegan ata, nestes caso, onde hai fábricas conserveiras. Estamos a falar dunha aposta de sectores estratéxicos que están funcionando fronte a apostas dunha única empresa. Sen volver a incidir no que significa, que unha empresa veña aquí a espoliar...pero é a aposta que ten o Partido Popular, nada novo! É totalmente oposta ao que ten o BNG, iso é o que hai encima da mesa.*
Pola parte do PSOE, non hai ningún problema, para coller e corrixir sempre e cando, efectivamente, se faga un seguimento deste tipo de proxectos que van a afectar directamente a Dodro. Gustaríanos que de igual xeito que na moción do 2019 que tamén Dodro non fora un concello que non apoiara un desenvolvemento sostible e todo aquelo que conleva, que vai en contra xustamente dunha empresa que quere levar adiante só intereses propios e quen estea detrás da empresa. Desde logo eu non estou detrás desta empresa, eu estou detrás da xente de Dodro."

O alcalde, francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, pois vamos a proceder entonces á votación, si lles parece".*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

C.2) MOCIÓNS URXENTES

O alcalde, francisco Xabier Castro Tourís: *"Aquí hai unha moción urxente que presentou Unidade Veciñal, o portavoz de Unidade Veciñal, temos que debatir primeiro a urxencia da moción e para isto, facías un pequeno resumo, non?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Si."*

O alcalde, francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, entonces."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Si, presentamos esta moción de urxencia, porque este ano, quedamos sen servizo de pediatría no Centro de saúde de Dodro, debido a que se xubilou o actual pediatra e bueno, creemos que esto foi no mes de, foi agora a principios de ano, e creemos que é fundamental a defensa sun servizo de pediatría agora mesmo en Dodro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, pois vámoslle a dar un turno a cada portavoz, polo tema da urxencia. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"De acordo coa urxencia."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Xente de Dodro."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Como urxente, urxente non é, pero mire, nós á diferencia de vostedes, nós si imos a respectarlle a súa intención para que presente a súa moción, xustamente todo o contraio do que faría vostedes."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, mire, nós consideramos que non é urxente. Primeiro porque o pediatra, a persoa que ocupaba a praza de pediatra, non se xubilou, aínda que vostede diga que si e segundo, porque a Xunta de Galicia tampouco vai a suprimir este servizo, aínda que c¡vostede diga que si. Co cal, consideramos que non é urxente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois entón pasamos a, portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, apoiamos a urxencia."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, pois si vos parece votamos a urxencia."*

Procédese a continuación a votar a urxencia e inclusión da seguinte moción na orde do día, con resultado de maioría simple dos membros presentes do Pleno.

Asunto: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO UNIDADE VECIÑAL SOBRE O SERVIZO DE PEDIATRÍA

Ratificación da urxencia:
Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Ratificada a inclusión na orde do día, o alcalde inicia o debate sobre a moción, a cal se inclúe completa.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO UNIDADE VECIÑAL SOBRE O SERVIZO DE PEDIATRÍA

Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro, someten a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do estado de benestar e un dereito básico de toda a cidadanía.

Nos últimos anos a sanidade pública en Galicia enfróntase a numerosos retos propiciados polo Partido Popular na Xunta, como a falta de recursos, a eliminación de persoal dos Centros de Saúde coa conseguinte sobrecarga dos profesionais sanitarios, a privatización de servizos que comprometen a calidade da atención, ou o aumento das listas de espera para probas diagnósticas e de intervención cirúrxica, que poden ser letais para a vida da xente e que afastan a idea dunha magnífica sanidade pública que tíñamos fai anos.

A sanidade pública debe ser accesible, universal e de calidade, garantindo que todas as persoas, independentemente da súa situación económica ou lugar de residencia, poidan recibir a atención que necesitan.

O rural necesita servizos e recursos para que a xente se quede a vivir nel. Os que aquí vivimos sabemos da gran sorte que temos de poder vivir nun lugar único, pero tamén somos conscientes da que as políticas públicas teñen que ir encamiñadas a dotar a este de recursos e servizos fundamentais para facelo un lugar habitable.

O novo ano tróuxonos unha mala nova, outra máis, xa non hai servizo de pediatría no Centro de Saúde de Dodro.

A xubilación do pediatra a finais do ano pasado fixo que a Xunta aposte por suprimir este servizo fundamental no noso concello en vez de cubrilo con outro persoal cualificado, derivando as nenas e nenos de Dodro ao Centro de Saúde de

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Padrón.

Non é unha situación temporal, é unha liña política da Xunta de eliminar o servizo de Saúde no rural e centralizalo, neste caso en Padrón, deixando aos pequeños concellos como é noso pouco a pouco sen asistencia sanitaria, como pasou fai meses con outro persoal sanitario, que derivou en concentración e reclamacións da veciñanza.

Tamén o goberno municipal ten a obriga, como representante máis cercano aos veciños, de loitar e poñerse a fronte dunha xusta demanda veciñal, buscando as solución necesarias e áxiles para non perder o servizo de pediatría en Dodro. Non sabemos hasta que punto está interesado neste tema, non hai señais de que se esté asumindo a responsabilidade que se lle supón.

Con esta moción, pretendemos que se tomen medidas concretas para garantir un sistema sanitario forte, accesible e de calidade para todas as persoas.

Por todo o anterior a Unidade Veciñal de Dodro somete ao Pleno da corporación o seguinte

ACORDO:

- Demanda a Xunta de Galicia que se cubra a praza de pediatría vacante no Centro de Saúde de Dodro.

- Instar ao goberno municipal a interceder como representante primeiro da veciñanza ante a Consellería de Sanidade e reclamar a substitución do servizo de pediatría o máis axiña posible.

- Instar ao goberno municipal a buscar a colaboración de outros concellos en situación parecía para amplificar a forza desta xusta demanda.

Procede á lectura da moción Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal.
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben moitas gracias. Turno para cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"O grupo socialista, independentemente do que vai a dicir posteriormente o alcalde, está de acordo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Eu diríalle ao señor Vicente, vostede recorda cantos anos leva vostede reclamando esto? Xa estuvo vostede no goberno, e houbo problemas tamén co servizo de pediatría, agora, outra vez a reclamar o servizo de pediatría, eu creo que leva vostede, ou bueno,*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

o seu partido, desde que entrei en política, sempre levo escoitando estas mismas propostas. Eu anímoo a unha cousa señor Vicente, a que tome vostede o mando, a que presente vostede unha moción, pero unha moción de censura, tome vostede o mando e faga xa vostede, deixe vostede de presentar mocións, tome directamente o mando, vaia vostede a falar directamente coa Xunta e traia vostede, a un pediatra non, a dous pediatras, un pola mañá e outro pola a tarde arará todos os problemas da veciñanza, ten vostede a posibilidade, mire, o imos a apoiar,sen problema ningún, o invítoo señor Vicente a que tome o mando dunha vez e deixe vostede o feito de ter que presentar estas mocións, leva vostede todos estes am¡nos reclamando o mismo, a misma cantilena, a misma e ninguén lle, e a o final non consegue nada, da igual que estea na oposición que no goberno, o efecto é o mesmo, exactamente o mesmo. Por eso señor Vicente, invítoo a que tome directamente o mando, esto é moito máis fácil que Venezuela, dígollo eh, garantízoo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"O equipo de goberno nin fai nin sabe facer. Vostedes traen unha moción para dicirlles ao equipo de goberno, que está en teoría gobernando, o que teñen que facer e ademais dedícanse a alporizar á veciñanza e non fan outra cousa. De onde sacan vostedes a información que están plasmando aquí nesta moción? Pode dicírnolo porque ademais están trasladándollo aos veciños? Pódennos respostar? Espero que nos dea a resposta na súa última intervención. Que fixeron vostedes, aparte de presentar esta moción, claro, que non se axusta para nada á realidade, que fixeron vostedes, a parte de difundir mentiras polas redes sociais? Tiveron algunha reunión na Xunta de Galicia ?, algunha reunión na consellería de sanidade ou con outra persona que se lle informaron que non se ías cubrir a praza de pediatría? Solicitaron vostedes algunha reunión? Fixeron vostedes algo para intentar darlle solución? Quen lles dixo a vostedes que o pediatra, ou persoa que ocupa a praza de pediatría se había xubilado? Fai un rato dixo aquí que fora a primeiros deste ano, na moción di que se xubilou a finais do ano pasado, a ver si se aclara. Pero quen lle dixo que se había xubilado?, os dimes e diretes? Inventárono? O que está claro é que se dedican a crear malestar entre a veciñanza, en lugar de botar unha man e mirar por eles e facer ruído. Pensan que así obterán algún rédito político. E de verdade que lle dicimos que o dubidamos seriamente. Antes de plasmar por escrito certas afirmacións hai que verificalas e contrastalas, non se pode deixar por escrito cousas que non son certas e sobretodo que non se verifican. O pediatra que presta servizos en Dodro en este momento, non está xubilado como din na moción. Neste momento, agora mesmo, está desfrutando de días de permiso que tamén ten dereito a eles, é verdade que se vai xubilar proximamente, eu non sei o día e dubido que vostede o sepa, pero nin se xubilou a finales do ano pasado, coma vostede di, nin se vai xubilar ou se xubilou a primeiros de ano, coma dixo hai un rato. Rigor, por favor. Din tamén na moción que a Xunta de Galicia vai suprimir este servizo. Vólvolle a preguntar, de donde sacou vostede esta información? Quen llo dixo na Xunta de Galicia, pode dar nomes e apelidos, ou que llo dixo na consellería? Volven a faltar*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

á verdade con esta afirmación e ademais, un pouco con idea de alporizar á xente, ir a poñer unha pancarta, vamos a recoller firmas e a poñernos alí para sacar catro fotos. Bueno, pois si esa é a súa política, eu anímolle, como fixo o portavoz de Xente de Dodro, a que presente unha moción de censura, claro para presentar unha moción de censura, necesita vostede xente e entendo que Xente de Dodro, vólvelle a brindar a man, e bueno, pois conxuntamente, igual arranxan algo, porque si non, non entendemos esta tolería, vámoslle a chamar así.

Nós si tivemos unha reunión na Consellería de Sanidade, no momento en que vimos en redes sociais esta moción, porque, é verdade que nola mandaron tarde porque é unha moción urxente, e mire, podémoslle dicir que a próxima, que a xubilación do pediatra vai a ser proximamente e que dende a dirección de atención primaria, estase facendo xa, unha busca activa para atopar un substituto o máis axiña posible. Non se vai a suprimir o servizo, pero dígolle máis me atenda ben ao que lle digo, si vostedes saben de algún médico pediatra que estea en paro e que queira vir para Dodro, pregámoslle que no lo digan coa maior brevidade, porque será contratado inmediatamente a que se xubile o pediatra, non lle podemos tender máis a man. Así que, póñase a traballar, busquen o pediatra e contratámolo no momento en que se xubile, se é que a Xunta deixen de non o encontra antes, eso si é traballar pola veciñanza de Dodro é intentar buscar solucións, é ir a unha reunión, é chamar por teléfono, é facer algo, non vir aquí e dicirlle a ese que chama vostede equipo de goberno que permítame que eu o poña en dúbida, porque creo que o equipo de goberno o forman máis persoas e dicirlle, non mire, llame usted o pida usted una reunión, home, non. Mire, aquí para vir a contar mentiras como di a canción, non vale. Hai que poñerse a traballar pola veciñanza. Nada máis que dicir."
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"En vez de pediatra, aquí fai falta psiquiatra. Imos ver, a ver se nos centramos. O BNG canda o resto de afectados de Dodro agradece que se sume ao carro a Unidade Veciñal e apoie as propostas iniciadas xa o ano pasado polo BNG de Dodro, iso para empezar. Tamén coma vai xa para 2 anos foi o BNG quen alertou e mobilizou á xente ante a falta de persoal médico do noso centro médico que o PP se empeña en retirar dos centros de saúde por todo o país. Para máis inri agora, no rural, e en Dodro, o PP non só non atendeu as alegacións feitas polo BNG de Dodro nos orzamentos da Xunta para este ano 2025, de ampliar o persoal do centro de saúde de Lestrobe, se non que vemos como desaparece a praza de pediatría, agora mesmo, en Lestrobe non hai pediatra. Pódollo dicir eu que hoxe fun consultarme desgraciadamente ao médico e consultoume un médico no sitio do pediatra porque o pediatra de Dodro agora mesmo non está. Esa é a realidade. Nós si fomos a preguntar cal era a situación e desde logo no que estamos de acordo coa Unidade Veciñal é que non imos a estarnos quietos se é que chega a desaparecer a praza de pediatría, que xa está compartida con Rois, por suposto que non nos imos a quedar quietos. Queríamos sempre ampliar e aínda por encima agora en Dodro a xente está cabreada porque non ten o pediatra de Dodro en Dodro, en Lestrobe! A ver se nos enteramos, vale? En ese sentido, tamén o BNG iniciou accións encamiñadas , á parte de charlas coa*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

veciñanza e tamén con persoal do SERGAS, para defender o rural neste ámbito e tamén chegaremos ao Parlamento, loxicamente, para defender, como acabamos de dicir agora, esperemos que saia adiante entre todos a moción , para defender unha vez máis a Dodro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, pois bueno, antes de pasar a un último turno do portavoz de Unidade Veciñal, eu quería facer unha intervención, porque efectivamente, coma moi ben explicou o portavoz do Partido Socialista de Galicia, o máis corto e rápido, vamos a votar a favor desta moción, pero tanto ao portavoz de Unidade Veciñal, que xa lle contesto antes de tempo, dos acordos, xa está demandado á Xunta de Galicia, que se cubra en pediatría da vacante no centro de saúde de Dodro, me imaxino que a portavoz do Partido Popular, que tivo unha reunión, entendo na xerencia do SERGAS ou no SERGAS, non sei onde, xa lle dirían que o alcalde do concello de Dodro, xa chamou para interesarse polo tema, supoño que llo dirían, porque efectivamente, o alcalde do concello de Dodro, xa sabía que a xubilación de unha persoa é previsible, cousa que polo visto, moita xente non é consciente, incluso aao mellor, na xerencia do SERGAS e en moito sitios, a xubilación do pediatra do concello de Dodro é previsible desde hai un ano, posiblemente, entón nós estabamos pendentes de eso. Hai 285 nenos no Concello entre 0 e 16 anos, que serían usuarios, que serían usuarios de pediatría. Dito esto, efectivamente, coma moi ben dixo, o pediatra xubílase en febreiro, que quede clara a data, non vou a dicir a data exacta, porque tampouco eso, daría , demostraría que sei o seu cumpleanos e tampouco, eso é un tema de protección de datos, pero si que se xubila no febreiro próximo.*
O segundo acordo, coma estou dicindo, tamén o aceptamos, evidentemente, intercedemos como representantes da veciñanza diante da Consellería de Sanidade e terceiro, tamén aceptamos a que nos inste a buscar colaboración con outros concellos, neste caso o Concello de Rois que é o máis afectado, porque xa tamén ao concello de Rois se lle explicou no momento, cando empezamos a traballar nesto, que era un tema de vital importancia para o concello de Dodro, coma para o concelle de Rois, efectivamente, que sepa o portavoz de Unidade Veciñal que vamos a apoiar a moción, con todas as súas demandas, pero que ademais que lle conste que xa estábamos en eso. Portavoz de Unidade Veciñal, desculpe."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Bueno, en resposta, simplemente, á portavoz do Partido popular, acusounos de mentir. Eu creo que nós, non pasa nada que nos acuse de mentir, que para iso estamos e vai no soldo, pero está vostede acusando de mentir a todos os pais dos nenos que están levando agora mesmo, que foi quen nos dixo que non había pediatra, agora mesmo non hai pediatra o pediatra, efectivamente está desfrutando duns días libres e ao remate dos días libres, posiblemente se vai a xubilar, e vaise, a realidade é que estamos sen pediatra, basicamente. O que está claro é que, coma di vostede, esto o van a arreglar vostedes, o mellor que lle pode pasar ao concello de Dodro, eu sempre o dixen, é ter ao Partido Popular mna oposición, porque se encarga de arranxar todos os problemas que xurden no concello xa os arregla o Partido Popular na oposición, porque cando está no goberno, xa é*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

diferente. En canto ao tema da moción de censura que e nos propón aí o portavoz da Xente de Dodro, dicir que agora mesmo, o actual goberno, o mellor aliado que ten o actual goberno para seguir gobernando, é vostede, Valentín Alfonsín , eles está gobernando gracias a vostede, é o mellor aliado que teñen agora mesmo, se vostede non estivera aí, outro galo cantaría, ao mellor si que podía haber unha moción, o único problema que temos agora mesmo é vostede, Valentín Alfonsín Somoza, é o único problema que teñen, o mellor aliado que teñen eles, saben que van seguir gobernando mentres vostede estea aí, ou sea que , saque as súas conclusións."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Pasamos a votar a moción."*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

D) CONTROL DE GOBERNO

10. ROGOS E PREGUNTAS.

<u>Rogos escritos</u>

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ningún

Rogos orais

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vou pasar unha ronda todos os portavoces. Portavoz do Partido socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Ningún."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación de Xente de Dodro"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: [Inintelixible]

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, rogos orais?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Nós temos dous."*

Ángel Jamardo Rey, Voceiro do Partido Popular: *"Eu teño un, o primeiro é que rógolle ao portavoz do BNG que diga a que se refería con que necesitabamos un psiquiatra."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, os rogos disllos alo alcalde, despois ao portavoz do BNG xa lle dirá se vostede quere, neso non vou a contestar."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, na aldea de Lestrobe, no Piñón, arranxouse fai pouco tempo a estrada, formigonouse, nesa zona había pintado un aparcadoiro, anteriormente, onde estaban pintadas as prazas de aparcamento, pregamos se proceda a pintar as prazas tal como estaban antes do arranxo da estrada para que a veciñanza aparque ben os vehículos de forma correcta."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Pois vemos o que facemos co seu rogo. Portavoz de Unidade Veciñal, algún rogo oral?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Si, eu teño un rogo, eu rogaríalle ao goberno que convocara canto antes, ou este ano, o Pleno do estado do Concello, que é obrigatorio según o reglamento que temos aprobado."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Temos un rogo. "Rogamos ao goberno que pague á maior brevidade, os danos ocasionados polos operarios municipais, nas súas labores de limpeza, pois temos coñecemento de algún caso que leva meses agardando pola indemnización correspondente."*

Preguntas escritas

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale, tomamos nota do seu rogo, tamén. Pasamos ás preguntas, hai preguntas escritas. Bueno, rogos escritos, non hai ningún, entendo. Pasamos ás preguntas escritas para deixar ao final as preguntas orais, se hai algunha. Preguntas escritas, temos aquí por orde de chegada, as do BNG son asa primeiras. Pode vostede comenzar, eu teño aquí unha de pilates, creo que é. Cando queira, por favor."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Temos coñecemento de queixas e descontento por parte de usuarias das escolas deportivas. No pasado trimestre vimos como se levaba a cabo un sorteo para adxudicar prazas na actividade de pilates, pese ao aumento a 2 horas. Este feito deixou fóra a persoas do concello fronte a outras que non o son, e unha lista de agarda que nin se empregou, posto que cremos no BNG que o goberno non ten establecidas unhas bases claras para iso, toda vez que, nin se fixeron públicas nin se lle transmitiron ás persoas interesadas. Ante esta situación e co comezo do segundo trimestre, que criterios públicos estableceu o concello para a selección das participantes e para o uso do listado de agarda?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois vamos a ver. O concello de Dodro, dentro da súa programación deportiva municipal, ven realizando as Escolas Deportivas Municipais nas que se encadran diversas actividades destinadas a diferentes grupos de idade, atendendo, en función das actividades, ás demandas de poboación e tendencias actuais, é o caso da actividade de pilates, que logo do parón do obrigatorio, pola situación extraordinaria do covid 19, ven espertando interese dunha gran parte da poboación e polo que o concello de Dodro realiza un esforzo para ofrecer 4 horas de clase semanais repartidas en dous grupos. Debido ao carácter específico desta disciplina, que require gran atención da persoa que imparte a actividade, para poder corrixir as posturas, respiracións e movementos a realizar, cada clase ten un máximo de alumnado, que son, bueno, o concello de Dodro, marca a pilates un número máximo de 18 persoas, tendo en conta tamén, que é a capacidade máxima da sala fitness, dependencia onde se imparte a actividade. No curso 2023/2024, cubríronse todas as prazas dispoñibles para a actividade de pilates, no primeiro día de proceso de inscrición, formándose incluso, unha listaxe de reserva para cubrir posibles renuncias, o procedemento que se seguiu para esa inscrición, foi por orde de solicitude. Para evitar esta situación, na planificación das escolas deportivas municipais 2024/2025, estableceuse que no casou de que as solicitudes superasen o número de prazas, realizaríase un sorteo o que se indica no reverso do tríptico informativo das escolas deportivas municipais 2024/2025, este tríptico, dicirlle que durante a semana do 2 ao 8 de setembro, realizouse*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

unha primeira quenda da campaña de difusión das escolas deportivas municipais 2024/2025, a través de colocación de carteis físicos, nos puntos habituais do territorio de Dodro, envío de tríptico informativo como impresos de enderezo postal a todos os domicilios de Dodro, publicación de carteles, tríptico informativo a través de redes sociais so concello de Dodro e envío de información a toda a comunidade educativa, coa colaboración do CPI Eusebio Lorenzo Baleirón e do CRA de Dodro- Padrón . O 9 de setembro, comeza o proceso de inscrición das escolas deportivas municipais, desde departamento de deportes fórmanse listas provisionais de inscricións e infórmaselle ás persoas que solicitan praza, deste feito e que si unha vez rematado o proceso de inscrición, hai máis solicitudes que prazas, realizarase un sorteo. Na actividade de pilates, recíbense máis solicitudes ca prazas, polo que, entre o 19 e o 20 de setembro, contáctase con todas as persoas preinscritas, con todas, e informarlles da situación e informarlles da realización do sorteo o 23 de setembro, ás 10 horas, no salón de plenos da Casa do Concello, ante a secretaría do concello de Dodro, así mesmo, indícase que é un sorteo público e que polo tanto, poderá asistir a presencialo, no sorteo inclúense a persoas empadroadas no concello de Dodro e ás non empadroadas, atendendo ao principio de igualdade de oportunidade e non discriminación, o 23 de setembro destes ano, pasado, perdón, realizase o sorteo das prazas non salón de plenos do concello da Casa do concello, por parte do técnico de deportes e da secretaria do concello de Dodro, ao sorteo asistiron varias persoas como público. Establécese as listaxes a partir das que se formaliza a asignación das prazas e as reservas dos grupos 1 e 2 de pilates. Rematado o sorteo, redáctase a Acta e asínase por pola secretaria do concello de Dodro, no expediente 2024/D002/0000/56 Actividades Deportivas, solicitudes pilates EDM Dodro 2024/2025, seguidamente contáctase con todas as persoas inscritas que non acudiron ao sorteo para informarlles da asignación das prazas, ao longo do primeiro trimestre, hai varias renuncias que se cobren segundo as listaxes establecidas no sorteo de prazas do 23 de setembro e antes de rematar o primeiro trimestre, mediante a colocación de carteis nas instalacións deportivas onde se realizan as escolas deportivas municipais e entrega de panfletos a todas as persoas usuarias, infórmase do remate do trimestre e do comezo do seguinte, para que as persoas que teñen praza asignada, poidan comunicar a súa continuidade ou renuncia, no caso de producirse algunha baixa, cúbrese segundo as listaxes establecidas no sorteo de prazas do 23 de setembro do 2024, si aínda así, hai prazas dispoñibles, cubrirase con novas solicitudes. Penso que a resposta é completa, non?. A seguinte pregunta, por favor. Cando queiras."

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Como pensa, o goberno do PSOE en minoría, actuar para preservar e controlar as especies arbóreas senlleiras do concello, enfermas ou en mal estado debido a podas mal feitas, como os posibles ombús de onda o polideportivo municipal ou os plátanos de sombra preto do chafarís do Pazo de Lestrobe?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Nós intentamos, controlar, precisamente as especies arbóreas que son do Concello, non temos ningunha árbore senlleira, como tal, hai un rexistro na Xunta de Galicia, que estamos `pensando intentar incluír algunha árbore, pero agora mismo, non hai ningunha*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

árbore, no concello de Dodro, que sea árbore senlleira. Segundo, o mla estado, eu tomeime a molestia de mirar o mal estado das podas, ou mal feitas, o ombús de onda, que está , perdón, o ombús de onda o polideportivo municipal, bueno, aquí unha coma, perdón, a min lioume eh!, de onda o polideportivo municipal, non se podou, é unha árbore, que segundo eu puiden investigar, non se poda, é unha árbore orixinaria de Arxentina e que non, parece que non acepta podas, ou polo menos, non as acepta ben e os plátanos de sombra, dos chafarís de Lestrobe, preto dos chafarís de Lestrobe, son responsabilidade do seu propietario e polo tanto, non son responsabilidade do concello acceder a esas podas, xa digo, sobre estas dúas cousas en concreto, é o que lle podo dicir, sobre o resto, intentamos atopar persoal cualificado que faga as podas en lugares complicados e difíciles que nos requiren, os árbores en si, e ningunha é unha árbores senlleira e ningunha é das que vostede menciona, entendo que, está explicado tamén. Seguinte pregunta"

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Os contedores municipais de residuos están moitas veces abarrotados. Como pensa o goberno do PSOE en minoría solucionar ese problema de contedores que desbordan coma os soterrados en Lestrobe que parecen sempre estar estragados ?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta vaina contestar o concelleiro de obras."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Mire, os contedores da praza de Lestrobe, estaban incluídos nunha actuación dentro do obradoiro de emprego, pero nn puidemos conseguilo, a pesar da nosa insistencia ante a dirección do propio obradoiro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguinte pregunta, según consta aquí é unha de Unidade Veciñal de Dodro, a do 8 de xaneiro, sobre o arquitecto municipal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Na documentación que se nos entrega como concelleiros, para a función de fiscalización do goberno, vemos que se asinan informes técnicos urbanísticos por parte dun arquitecto técnico da empresa Estudio Técnico Gallego, S. A., encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Dodro e por outra parte, vemos que se asinou un convenio de colaboración entre o Concello de Teo e o Concello de Dodro para o desempeño temporal das funcións de arquitecto municipal, acordado en 12 de abril de 2024 polo que se abonan a dito concello arredor de 1.500€ mensuais.*
Vendo que o arquitecto técnico da empresa Estudio Técnico Gallego asina todos os informes de comunicación previa de obras menores, non sabemos cantas resolucións de licencias urbanísticas asinou o arquitecto municipal temporal.
Ante todo o anterior, pode dicirnos cantas resolucións de licencias urbanísticas leva asinadas o arquitecto municipal froito do convenio entre o Concello de Teo e o Concello de Dodro?"

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois mire, leva informados 24 expediente, á parte, leva informadas outras tantas atencións ao público, máis todos os expedientes de contratación do concello de Dodro, máis informes internos e máis proxectos municipais."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"24 expediente, non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Si, 24 expediente informados, máis, máis , máis. A seguinte pregunta é a do obradoiro de emprego, non?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Si. No obradoiro dual de emprego "COMARCA DO SAR 2024" que se vai a impartir durante o ano 2025, unha das especialidades a impartir é a de OPERACIÓNS AUXILIARES DE ACABADOS RÍXIDOS E URBANIZACIÓN con 10 alumnos e realizaranse as seguintes actuacións en Dodro:*
-Pavimentación praza Lestrobe
-Revestimentos interiores casa do concello de Dodro.
Ante todo o anterior e sabendo que nos anteriores obradoiros figuraban como actuacións a reforma do lavadoiro de Castro e o pintado exterior da escola de Traxeito, pode dicirnos porque se renunciou a estas actuacións e cal é a praza de Lestrobe a pavimentar?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vailla a contestar o portavoz, en principio, perdón, o concelleiro de obras do Concello."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"En primeiro lugar, consideramos que está formulando dúas preguntas distintas, pero bueno, cabe indicar, que non se renunciou a ningunha actuación. Insistimos ante a dirección do obradoiro, pero non se conseguiron, como dixen antes, dándolle prioridade a outras solicitadas polo concello de Padrón, e agardamos ter máis sorte en vindeiras actuacións. Respecto de onde é a de Lestrobe, decir que é a praza aquela que está situada frente ao bar Caprichos, que iba incluída nunha actuación, como dixen antes no obradoiro, é frente ao bar Caprichos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguinte pregunta, por favor."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"No pleno de setembro de 2023 aprobamos unha moción na que instamos ao equipo de goberno a iniciar o proceso de modificación do PXOM de Dodro para incluír a zona da Revoltiña como núcleo rural, a corrección de erros entre outras, a día de hoxe e despois de un ano e catro meses, pode dicirnos que trámites se fixeron ante os diversos organismos e como vai o proxecto de modificación por parte da empresa encargada da mesma?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Decirlle que o orzamento de estudio de modificación para esta modificación do PXOM, era de 7.000€ e falouse*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

ca empresa e antes de destinalos, tivemos entrevistas cá encargada de urbanismo da Xunta de Galicia, para intentar saber si merecía a pena, gastar oe 7.000€ da modificación, que en principio era de, tal e coma vostedes solicitaban, e como nos habían expresado, era de transformación de ese suelo urbanizable, en ampliación de núcleo rural, creo que era o habiamos falado, non?, bueno, a resposta por parte da Xunta, foi, aínda que foi negativa de boquilla, agora mesmo, estamos estudando, precisamente co arquitecto municipal e con Estudio Técnico Galego, as outras opcións que poderían pasar, volver a rústico a zona esa ou incluso, intentar asignar unha nova entidade local, para que fose un núcleo rural a Revoltiña sola, esto vaise falar cos veciños, en breve, posiblemente a semana que ven, se terán reunións cos veciños, porque son os principais afectados, xa que partimos dunha situación que non a queremos nadie, e pretendemos que a solución que se adopte, sexa a que resolva realmente os problemas da Revoltiña, do SU02, tal e coma está redactado no Plan. Esperamos que pronto, porque estas solucións que se propoñen, cos novos cambios na lei do dolo, dende o 1 de xaneiro, poderían solucionar os problemas dos veciños e dos propietarios, sendo moito máis rápidas, incluso moito máis económicas, para os concello e para os veciños.
Seguinte pregunta, é do Partido Popular , sobre os buratos, non?"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"En varios lugares do concello hai 5 buratos de aproximadamente metro e medio de fondo que están abertos e sen sinalizar. Concretamente hai dous en Lestrobe, un no rueiro de Tarrío, outro en Bexo e outro en Teaio. Estes buratos levan uns dous meses feitos e sen sinalizar e supoñen un perigo para a veciñanza.*
Preguntamos para que son? E por que levan tanto tempo feitos e por que están sen sinalizar? "

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vaille contestar o concelleiro de obras."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Mire, non fai falta ser moi entendedor para saber o motivo dese buratos, hai 6, non hai 5, hai que engadir un en Revixós, na pedra do Cuco, nunha zona de sombra e son para reposición ou mantemento duns postes de alumeado público,xa deteriorados, dende fai tempo, xa estaban dende a súa época de goberno pero non se lle fixo nada, non se intentou corrixir e evitar esa perigosidade. Os buratos levan feitos xa un tempo, pero debido ás inclemencias do tempo e ao non contar con maquinaria municipal suficiente e propia, tivemos que adiar a súa colocación que agardamos que estea solucionado nesta mesma semana, máis concretamente, agardábamos que hoxe mesmo quedasen colocados e non puido ser por un imprevisto. No referente aos sinalamentos dos ditos buratos, cabe indicar que no Rueiro, na zona onde vivo, está suficientemente sinalizado, por sacos de area, a un lado e a outro e unha cintas destas rojiblancas, descoñezo si nas outras sitas en Bexo e tal, non está."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, preguntas orais, pasamos agora o turno, ah!, perdón , falta unha perdón , desculpe."*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Os contedores de vidro en Lestrobe e en Pexegueiro fai bastante tempo que non se recollen, porque levan moito tempo cheos botando por fora. Cando se fai unha recollida, recóllense todos pero, concretamente, dous en Lestrobe e un en Pexegueiro, non o recollen. Cal é o motivo de que non se recollan e tarden tanto e o resto si se recollen?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vaille contestar o portavoz, perdón, o concelleiro de obras."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Mire, o do Piñón, estropeouse puntualmente, en ocasións foi reparado, solucionouse, vólvese avariar... os problemas que teñen esos contenedores soterrados. En canto ao do Pexegueiro, está roto, está bastante roto, sabe vostede que para recoller o vidro, é de levantamento vertical e se está rota a base, non se pode recoller, estamos agardando ou esperando contar con financiamento suficiente, ou nunha videira convocatoria conseguir máis contenedores deses. En eso xa nos diriximos a Ecovidrio, pero de momento non obtivemos solución."*

<u>Preguntas orais</u>

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Preguntas orais? Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Mire, vostede que é tan dao a dar conta de asuntos sin dar información aos concelleiros, tamén vai a dar conta ao Pleno da sentenza recente da Audiencia Provincial, que sobresé a súa denuncia por calumnias contra este voceiro?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:*"Vale."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Porque é unha denuncia presentada por un ciudadano particular de Lestrobe, non sei se lle sona a frase de ciudadano particular, entonces non teño porque dala. Algunha outra pregunta oral ?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si, si. Mire, vostede non fai moito, solicitou, despois de ter autorizado, por urbanismo da Xunta, unha obra para facer unha piscina, solicitou da Deputación, un informe urbanístico que buscaba unicamente pois, desautorizar esa obra, que é o que pensa facer vostede co auditorio, unha vez que o xulgado contencioso administrativo, decretou, sentenciou confirmando a resolución da APLU, de tal forma que se auditorio e ilegal, e ilegalizable e hai que repoñelo?, tamén vai a solicitar algún informe á Deputación da Coruña, para decirlle o que hai que facer? Ou pensa*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

seguir sen dicir nada?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O que faga, xa se enterará vostede. Perdón par qu e quede gravado. O que vou a facer sobre este tema, xa se enterará vostede."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Vale. Terceira ."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Solo son dous concelleiros, creo que solo ten dereito a dúas preguntas, porque o terceiro concelleiro, non está."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Son tres preguntas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Son unha por concelleiro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Mire, di vostede que ven de dicir, ..."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, retírolle a palabra."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si, retire."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale, gracias. Portavoz do Partido Popular, por favor."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Ven de dicir vostede que vai encargar unhas alagacións para, alegar contra a mina de Touro..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a deixar esta pregunta porque está fora de turno. Portavoz do Partido Popular, por favor."*

Ángel Jamardo Rey, voceiro do Partido Popular: *"Teño unha pregunta, é a terceira vez que facemos mención a comentarios do voceiro do BNG, primeiro foi chamarnos depravados, o segundo, dicir que a miña compañeira solo sabía ler documentación que lle mandan dende arriba e hoxe fixo un comentario sobre a saíde psiquiátrica, que non entendemos moi ben a que ven, en que momento se vai a tomar unha medida por parte do alcalde contra ese tipo de comentarios? Gracias."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois, creo que non vou tomar medidas, porque todo queda en acta e o que teña que tomar medidas, que se considere afectado, que as tome, non é cuestión do alcalde. Algunha outra pregunta máis?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non"*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Si, eu teño un par delas. Nunha resolución de alcaldía aprobase o proxecto corrixido do acondicionamento do entorno da escola de Lestrobe, aos afectos de participar no Pos adicional, que ríamos saber en que consistían as correccións ao proxecto inicial."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois vounas decir así moi someramente, son unhas correccións mínimas pendentes sobre a accesibilidade e de aumento de zona verde que foron solicitadas por patrimonio. Como vostede moi ben sabe, Lestrobe é unha zona afectada por patrimonio e mandamos esa información do proxecto alá, e bueno, patrimonio nos pediu un pouco máis de zona verde e foi o que se modificou. Agora mesmo temos a aprobación de patrimonio e xa está en fase de, na seguinte fase, ese proxecto que se enviou, xa estaría OK, cen por cento. Algunha outra pregunta?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Si. Nunha resolución de alcaldía, apróbase o expediente de contratación mediante o procedemento de contrato menor para a subministración de regalo institucional para rebranding do concello de Dodro, entre a comunidade educativa municipal e autorizar o gasto e dispoñer o gasto de 1.058,75€, simplemente, que nos digan en que consiste o regalo institucional para rebranding."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O regalo institucional foi unha taza para orgullo de pertenencia, que ven sendo rebranding en inglés, orgullo de pertenencia ao concello de Dodro, foron unhas tazas que sae deron a toda a comunidade educativa, co seu nome, nominales para cada estudante do Concello de Dodro, pode vostede velas que seguro algún rapaz..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : "*Como nos chamaba, esto de rebranding e todo esto, podía estar un pouquiño mellor explicado."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eso é o que aparece no informe, bueno, algunha outra cousa?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Non, nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, levántase..., Ai! ,perdón, portavoz do BNG, qeu ten vostede dereito a unha pregunta*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Desde setembro o BNG preguntou a petición da veciñanza máis directamente afectada polo perigo de derrube dun muro en Imo. Sobre o que estaba unha graneira cunha das referencias catastrais que despois figurarán xa na acta e xa*

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

non paso a lela, que da a un camiño público diante dunha casa habitada. Segundo se nos dixo no anterior pleno, corresponde a unha propiedade municipal, sobre a cal o goberno é quen debe actuar. Máis continúa practicamente na mesma situación despois de 4 meses, aumentando a preocupación dos veciños ante a falta de medidas municipais efectivas e tranquilizadoras que eviten un colapso, tapón e mesmo perdas ou desgrazas persoais. Ante o malestar crecente da veciñanza, que medidas urxentes vai tomar o goberno para evitar males maiores nese muro ?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Como moi ben dixo vostede, ese muro está situado encima desa parcela, un ben privado, de aí as varias referencias catastrais que están nesa graneira, o primeiro ben sendo, o concello non, ten un risco importante de si actúa no muro, que teña unha desfeita sobre a graneira e entón o concello, trasladoulle aos particulares, propietarios da graneira, que procedan á súa reparación e afianzamento, ou á súa retirada para poder permitir ao concello actuar sobre o muro, cando eso se produza, o Concello reforzará ese muro e poderá actuar con seguridade. Non hai máis preguntas, finalizase a sesión ás nove e media. Grazas por vir.*

Ás 21:32 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro, documento asindo dixitalmente a marxe
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: udOXd0MMOzqA7vPJUiFF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/